

Seminario anual de clarinete

Curso 2020-21



- **Antonio Suárez, clarinete**
- **Dirixido a alumnado de calquer nivel**
- **Instalacións Ateneo Musical de Bembrive (Vigo)**

OBXECTIVOS

O fin principal deste seminario é proporcionar unha formación complementaria tanto ó alumnado e membros do AM de Bembrive coma a toda aquela persoa que esté interesada en perfeccionarse co instrumento.

Este formato permitirá o traballo dunha forma continua co mesmo mestre o longo do curso académico, coma tamén facilitar o alumnado o coñecementos de distintos mestres e métodos de traballo buscando un ambiente enriquecedor.

¿A QUÉN VAI DIRIXIDO?

Clarinetistas de calquer nivel.

NÚMERO DE PRAZAS: 10

FORMATO:

Seminario estruturado en 5 encontros distribuídos o longo do curso académico 2020/2021

1 ^{er} Trimestre	Sábado 17 outubro
	Luns 7 decembro
2 ^o Trimestre	Sábado 20 febreiro
3 ^{er} Trimestre	Sábado 10 de abril
	Sábado 22 maio

*As datas poden sufrir variacións

LUGAR:

Instalacións Ateneo Musical de Bembrive

HORARIOS:

De 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h (horario orientativo)

CONTIDOS DO SEMINARIO

O traballo no seminario será principalmente de forma individual.

O longo do seminario organizaranse cursos complementarios con mestres invitados de distintas especialidades que farán este seminario moito máis enriquecedor. Estes cursos serán comunicados durante o transcurso do curso.

PREZOS DO SEMINARIO

Clases soltas	Activo			Oínte
	90 min	60 min	45 min	
Alumnado Escola e Membros AM Bembrive	35€	25€	20€	De balde
Alumnado Externo	50€	35€	30€	15€

Seminario completo*	Activo			Oínte
	90 min	60 min	45 min	
Alumnado Escola e Membros AM Bembrive	150€	110€	85€	De balde
Alumnado Externo	225€	150€	130€	60€

* non se devolverá diñeiro pola non asistencia a algunha clase

INFORMACIÓN/INSCRIPCIÓN

A inscrición farase a través do seguinte [formulario](#) onde atoparedes o método de pago así como os pasos a seguir.

Para máis información ou consultas podedes dirixirvos ao correo electrónico: info@ateneomusicaldebembrive.org ou no teléfono 678 63 56 14 (WhatsApp dispoñible).

COMO CHEGAR

O Ateneo Musical de Bembrive ten a súa sede na planta -1 do Centro Cultural Helios de Bembrive (Alameda do Torreiro s/nº Bembrive-Vigo)

Liñas autobús urbano (Vitrassa) dende o centro de Vigo:
L6 BEADE – PZA. ESPAÑA
L14 CHANS – GRAN VÍA

Localización



O PROFESORADO

ANTONIO SUÁREZ, clarinete

Nace en Abegondo (A Coruña) en 1982. Comeza os seus estudos musicais á idade de oito anos na Escola de Música e na Banda Municipal de Betanzos, nun principio da man de Antonio Cal Purriños, Jose Pita e posteriormente con Juan A. Ferrer. Continua os seus estudos no Conservatorio Profesional e Superior da Coruña, sempre baixo a tutela de Carlos Casadó e finalmente con Jose María Belló. Paralelamente a esta época de estudo entre o grao profe-

sional e superior, entra a formar parte da Xoven Orquestra da Orquestra Sinfónica de Galicia, onde ten a primeira oportunidade de coñecer a grandes directores e solistas, así como a Vicente Alberola, o que desde ese momento é o seu profesor e referente.

Tras o seu paso pola Xoven OSG, entra a formar parte da Xoven Orquestra Nacional de España (2003-2006), posteriormente, farao nunha das máis prestixiosas orquestras xoves do Continente Europeo, a Gustav Mahler Jugendorchester (2007 e 2008), coa que percorre os festivais e salas de concerto máis importantes de Europa e parte de América (Proms de Londres, Concertgebouw de Amsterdam, etc).

Resaltar a obtención da Mención de Honra por unanimidade na primeira edición do concurso Excelencia Musical, (2007).

No verán de 2008 foi convidado pola dirección do MMCK ao Curso Maxistral de Kazusa, Xapón. Alí traballará cos primeiros atrís das mellores orquestras de Europa e EEUU.

Profesionalmente colaborou con orquestras e ensembles nacionais e internacionais como a OSG, OSM no Teatro Real, “Lles Dissonances” co solista David Grimal como concertino-director ou o “ Bolivar Soloist”.

En 2009 é convidado como solista pola Xove Orquestra Nacional de España durante a súa xira de verán dese mesmo ano, interpretando o primeiro Concerto de Clarinete do compositor Óscar Navarro coa devandita orquestra. Nesta mesma liña, participou como solista coa Orquestra Gaos, realizando varios concertos como solista do concerto de Mozart para clarinete e orquestra.

Cabe destacar na senda docente, a participación como profesor en diversos cursos así como en encuetros de xóvenes orquestras.

A finais de 2009 crea xunto a outros mozos músicos “ Zoar ensemble”, quinteto de vento co que ten unha intensa actividade musical que compaxina coa súa actividade docente no conservatorio profesional de música de Culleredo. Son de mención as gravacións de diversos cd´s “ Zoar ensemble” , “ Alev”, “Non vento”, “Carlos López García-Picos” gravados co seu quinteto.